



Xosé Magariños Maceiras, portavoz do Grupo Municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción, para o seu debate en Pleno, relativa a

**Modificar a ordenanza reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbeis do concello da Estrada, reducindo o tipo de gravame ao 0,275.**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

No ano 2004, como consecuencia da mobilización popular, o pleno do concello da Estrada aproba, cos únicos votos favorábeis do BNG, unha bonificación do 37,5% sobre a cota do IBI para os inmóbeis urbanos até a elaboración dunha nova ponencia de valores, logo da aprobación do PXOM no que se estaba a traballar nese intre.

Esta bonificación, que viña paliar a desproporcionada suba dos recibos da contribución, froito dunha ponencia valores na que se constatou unha desproporcionada sobrevaloración catastral, a través dun informe elaborado polo propio concello, mantense até novembro de 2011, no que, ao recuperar o goberno municipal o PP con maioría absoluta, aproba unilateralmente suprimir a citada bonificación do 37,5%.

Esta medida, sumada aos incrementos do tipo mínimo do IBI, do 0,4 ao 0,5 e 0,6 para os anos 2012 e 2013 respectivamente aprobados polo goberno do PP no Estado mediante o Real Decreto-Lei 20/2011, ten como consecuencia o incremento do IBI na Estrada, tanto na vila como no rural, do 140%, cantidade inasumíbel para a maioría dos estradenses, fundamentalmente os que teñen as rendas máis baixas. Máis aínda se temos en conta que estamos a padecer os efectos das medidas de axuste económico tomadas polo goberno español e galego (aumento do paro, redución dos salarios e pensións, suba indiscriminada dos impostos e produtos básicos como as medicinas para os pensionistas, enerxía, combustíbeis, etc).

Seguindo a mesma liña, o goberno español vén de prorrogar para os anos 2014 e 2015 as medidas tomadas para o 2012 e 2013 aumentando o tipo de gravame nun 10%.

Ante esta nova disposición, o goberno municipal amparándose no apartado 2 do artigo 32 do texto refundido da lei do catastro inmobiliario, no lugar de solicitar do goberno central unha redución dos valores catastrais que reflecta a realidade do mercado inmobiliario, que segundo diversos estudos baixou entre un 40 e un 60%, demanda un incremento dun 10% dos valores catastrais. Esta medida converte en permanente unha medida que o goberno estatal limita no tempo até 2015. O goberno municipal xustifica esta decisión en que lle vai permitir reducir o tipo de gravame ao 0,4, sen que a día de hoxe teña tomado ningunha medida para modificar a ordenanza reguladora do IBI, e sen que exista ningunha normativa legal que recolla a redución automática do tipo como ten afirmado o alcalde. É máis, se temos en conta que a disposición adicional decimoterceira do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais di textualmente que “nos concellos nos que resulte de aplicación o previsto do artigo 32.2 do texto refundido da lei do catastro inmobiliario (o caso da Estrada), o prazo par aprobar e publicar o tipo de gravame do IBI ampliase até o 1 de marzo do exercicio en que se aplique o correspondente coeficiente”, o que ben a confirmar a necesidade de modificar a ordenanza coa urxencia necesaria que permita, non só a súa aprobación, senón tamén a súa publicación antes de que remate o prazo que a citada disposición legal esixe.

Polo que tendo en conta o anteriormente exposto e que:

- O artigo 72.5 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, dispón que nos concellos nos que entren en vigor novos valores catastrais de inmóbeis urbanos, resultantes de procedementos de valorización colectiva de carácter xeral, os concellos poderán establecer durante un período máximo de seis anos, tipos de gravame reducidos que non poderán ser inferiores ao 0,1% nos bens inmóbeis urbanos.
- A disposición adicional decimoterceira da mesma Lei fixa como data límite para publicar a modificación da ordenanza reguladora do IBI o 1 de marzo.

Como medio para reducir o impacto sobre os veciños e veciñas da Estrada das medidas de carácter económico e social que están a tomar os gobernos do PP, tanto no Estado como na nación galega, solicitamos a aprobación do seguinte

### **ACORDO**

- Modificar a ordenanza reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbeis do concello da Estrada, reducindo o tipo de gravame ao 0,275 que supón un incremento do 20% sobre o importe da cota do IBI do ano 2011 respectando deste xeito o disposto polo goberno central no Real Decreto-Lei 20/2011 para os anos 2012 e 2013 e a posterior prórroga para os anos 2014 e 2015, que fixa como obxectivo o incremento recadación sobre o 2011 do 10% os dous primeiros anos e outro 10% para os dous seguintes.

A Estrada, 29 de xaneiro de 2014

Asdo. Xosé Magariños Maceiras